

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Corrección de erros.-Orde do 18 de xuño de 2003 pola que se resolve a cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para misións de protección civil.

Advertido erros na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 123, do xoves 26 de xuño de 2003, cómpre a súa corrección:

Na páxina 8.440, na liña 9 do punto primeiro da resolución, onde di: «Rivadavia», debe dicir: «Mancomunidade do Ribeiro (A Arnoia, Avión, Beade, Carballeda de Avia, Castrelo de Miño, Cenlle, Cortegada, Leiro, Melón e Rivadavia)», e no cadro do anexo I, na fila 9, onde di: «Rivadavia», debe dicir: «Mancomunidade do Ribeiro».

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Corrección de erros.-Orde do 9 de xuño de 2003 pola que se declaran provisionalmente as zonas propostas para a súa inclusión na rede natura 2000, como espazos naturais en réxime de protección xeral.

Advertidos erros na dita orde, publicada no DOG nº 115, do 16 de xuño de 2003, cómpre face-las oportunas correccións, dado que a superficie en hectáreas que aparece na táboa do anexo non coincide coas que correctamente aparecen nos mapas, polo que cómpre publicar de novo a táboa do anexo en cuestión, que aparece nas páxinas 7.775 e 7.776, coas superficies correctas.

Nome	Municipio	Superficie (ha)
Os Ancares-O Courel	Becerreá Cervantes Folgado do Courel O Incio Navia de Suarna As Nogais Pedrafitas do Cebreiro A Pobra do Brollón Quiroga Samos Triacastela Ribas de Sil	102.830
A Baixa Limia	Bande Calvos de Randín Entrimo Lobeira Lobios Muíños Padrenda Quintela de Leirado Verea	33.920

Nome	Municipio	Superficie (ha)
O Baixo Miño	A Guarda O Rosal Salvaterra de Miño Tomiño Tui As Neves Arbo Crecente A Cañiza Padrenda	2.871
Betanzos- Mandeo	Aranga Bergondo Betanzos Irixoa Miño Paderne Oza dos Ríos Coirós	1.020
Bidueiral de Montederramo	Montederramo Vilar de Barrio	1.984
Brañas de Xestoso	A Estrada Forcarei Silleda	1.077
Cabo Udra	Bueu Cangas	623
Canón do Sil	Pantón Sober Nogueira de Ramuín Parada de Sil	5.914
Carballido	A Fonsagrada A Pontenova Ribeira de Piquín	4.828
Carnota- Monte Pindo	Carnota Mazaricos Cee Dumbría	4.674
As Catedrais	Barreiros Ribadeo	297
Complexo Húmido de Corrubedo	Porto do Son Ribeira	9.317
Complexo Ons- O Grove	Bueu Cambados O Grove A Illa de Arousa Meaño Sanxenxo Ribadumia	7.592
Costa Ártabra	Cariño Cedeira Ferrol Narón Valdoviño Ortigueira Ares Mugardos	7.546
Costa da Morte	Arteixo Cabana de Bergantiños Camiñas Carballo Cee Fisterra A Laracha Laxe Malpica de Bergantiños Muxía Ponteceso Vimianzo	11.780
Costa da Vela	Cangas	1.419
Costa de Dexo	Oleiros	347
Cruzul- Agüeira	Becerreá As Nogais	652
Encoro de Abegondo-Cecebre	Cambre Abegondo Betanzos Carral Oza dos Ríos	529
Enseada de San Simón	Redondela Soutomaior Vilaboa Moaña Pontevedra	2.218
Estaca de Bares	Mañón Ortigueira	842
Esteiro do Tambre	Brion Negreira Noia Outes Porto do Son	1.581

Nome	Municipio	Superficie (ha)
Fragas do Eume	Cabanas A Capela As Pontes de García Rodríguez Pontedeume Monfero	9.127
Gándaras de Budiño	O Porriño Salceda de Caselas Tui	839
Illas Cíes	Vigo	990
Illas Estelas	Nigrán	725
Macizo Central	O Bolo Chandrexa de Queixa Laza Manzaneda A Pobra de Trives Viana do Bolo Vilaríño de Conso Quiroga Larouco Montederramo	45.278
A Marronda	Baleira A Fonsagrada	1.239
Monte e lagoa de Louro	Carnota Muros	1.096
Monte Faro	Carballedo Chantada Rodeiro	2.988
Monte Maior	Viveiro Xove	1.247
Negueira	Negueira de Muñiz	4.558
Ortigueira - Mera	Cariño Cerdido Ortigueira As Pontes de García Rodríguez As Somozas	3.868
Parga- Ladra- Támoga	Begonte Cospeito Guitiriz Outeiro de Rei Rábade Vilalba Xermade Abadín Castro de Rei Lugo Friol	4.934
Pena Maseira	A Gudiña A Mezquita	5.715
Pena Trevinca	Carballeda de Valdeorras A Veiga Viana do Bolo Manzaneda O Bolo	24.894
Pena Veidosa	San Cristovo de Cea Carballedo	2.321
A Ramallosa	Baiona Nigrán	92
Ría de Foz- Masma	Barreiros Foz Lourenzá Mondoñedo	643
Río Anllóns	Cabana de Bergantiños Ponteceso Coristanco Carballo	162
Río Cabe	Bóveda O Incio A Pobra do Brollón Monforte de Lemos Pantón Sober	1.787
Río Eo	A Fonsagrada A Pontenova Ribadeo Ribeira de Piquín Trabada Riotorto Meira	1.003
Río Landro	Ourol Viveiro	127
Río Lérez	Pontevedra Campo Lameiro Cotobade	149
Río Ouro	Alfoz Foz O Valadouro	109

Nome	Municipio	Superficie (ha)
Río Tambre	Tordoia Ordes Mesía Trazo Oroso Frades Santiago de Compostela O Pino	583
Río Támega	Castrelo do Val Laza Monterrei Verín Oímbra	630
Río Tea	Covelo Fornelos de Montes Mondariz Mondariz-Balneario Pontearreas Salvaterra de Miño	342
Xubia- Castro	A Capela Moeche Narón Neda San Sadurniño As Somozas As Pontes de García Rodríguez	2.074
Serra da Enciña da Lastra	Rubiá	1.742
Serra do Candán	Forcarei Lalín Silleda Beariz O Irixo	10.699
Serra do Cando	Cerdedo Cotobade Forcarei A Lama Beariz	5.458
Serra do Careón	Melide Santiso Toques Friol Palas de Rei	6.662
Serra do Xistral	As Pontes de García Rodríguez Abadín Alfoz Mondoñedo Muras Ourol O Valadouro Vilalba Xermade Xove Viveiro Cervo	22.964
Sistema fluvial Ulla- Deza	Catoira A Estrada Pontecesures Silleda Valga Vila de Cruces-Boqueixón Dodro Padrón Rianxo Teo Touro Vedra Brión Roís Ames	1.633
Sobreirais do Arnego	Agolada Lalín Vila de Cruces	1.124
Veiga de Ponteliñares	Porqueira Rairiz de Veiga	160
TOTAL		371.824

No mapa correspondente ó LIC Carnota-Monte Pindo, na páxina 7.782, onde di «Superficie (ha) 4629», debe dicir «Superficie (ha) 4674»; no mapa correspondente ó LIC Complexo Húmido de Corrubedo, na páxina 7.783, onde di «Superficie (ha) 9302», debe dicir «Superficie (ha) 9317».

CONSELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS, EMPREGO E RELACIÓNS LABORAIS

Resolución do 25 de febreiro de 2003, da Delegación Provincial de Lugo, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo de ámbito provincial para o sector de panaderías da provincia de Lugo.

Visto o texto do convenio colectivo para o sector de panaderías da provincia de Lugo (código 2700425), asinado o día 27 de xaneiro de 2003, pola representación da *Asociación de Empresarios de Panaderías da Provincia de Lugo*, e das centrais sindicais UGT (35,7%), USO (35,7%), CC.OO. (28,6%), CIG (0%) e de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordena-la inscrición do citado convenio colectivo no rexistro de convenios desta delegación, así como o seu depósito.

Segundo.-Remiti-lo texto do mentado convenio á Dirección Xeral de Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

Terceiro.-Dispoñe-la súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Lugo, 25 de febreiro de 2003.

Ana Chao Vázquez
Delegada provincial de Lugo

Convenio colectivo de traballo para a actividade de industrias do pan (panaderías) da provincia de Lugo

Artigo 1º.-Ámbito funcional.

Este convenio é de aplicación obrigatoria en toda a provincia de Lugo, de conformidade co preceptuado no título III, capítulo I, sección 1, artigo 82 do Estatuto dos traballadores.

Artigo 2º.-Ámbito funcional.

Este convenio obriga a tódalas empresas que se rexían pola Regulamentación nacional de traballo da industria panadeira (Orde do 12 de xullo de 1946, *Boletín Oficial del Estado* do 19 de xullo de 1946) sendo de obrigado cumprimento.

Artigo 3º.-Ámbito persoal.

Inclúe a totalidade do persoal ocupado polas empresas indicadas nos ámbitos territorial e funcional.

Artigo 4º.-Vixencia.

A vixencia deste convenio iníciase o 1 de xaneiro de 2002 e remata o 31 de decembro de 2003, con independencia da súa data de publicación no BOP ou *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 5º.-Denuncia.

Este convenio enténdese automaticamente denunciado o día da súa sinatura. Ambas partes quedan comprometidas, logo de convocatoria de calquera delas, a inicia-la negociación do ano 2004. En todo caso, este convenio prorrogárase por períodos anuais sen necesidade de denuncia expresa.

Artigo 6º

As condicións pactadas forman un todo orgánico e indivisible e para efectos da súa aplicación práctica serán consideradas globalmente.

Artigo 7º.-Compensación.

As condicións pactadas son compensables na súa totalidade coas que anteriormente rexeran por imperativo legal ou por calquera outra causa.

Artigo 8º

Na orde económica, para a aplicación do convenio, haberá que aterse ó pactado segundo táboas anexas e en xeral, en todo o non previsto neste convenio haberá que aterse ó disposto na ordenanza laboral da industria de panadería citada mentres non sexa substituída por un acordo marco estatal ou autonómico.

Artigo 9º.-Absorción.

As condicións que se establecen neste convenio son compensables e absorbibles en cómputo anual, conforme a lexislación vixente.

Artigo 10º.-Situación máis beneficiosa.

As situacións persoais que con carácter global excedan do pacto, respectaranse, manténdose as que resulten máis beneficiosas ou favorables ó traballador.

A interpretación do disposto nesta articulación é da competencia da comisión paritaria do convenio.

Artigo 11º.-Vinculación á totalidade.

Establecido o principio de unidade e indivisibilidade das condicións pactadas, no suposto de que non fose aprobado algún dos pactos esenciais do convenio, que os desvirtuara fundamentalmente, este quedará sen eficacia, debéndose reconsidera-lo seu contido.

Artigo 12º.-Comisión paritaria do convenio.

Créase unha comisión paritaria do convenio de acordo co disposto no artigo 85 do Estatuto dos traballadores, como órgano de arbitraje, conciliación e vixilancia do seu cumprimento.

As funcións específicas desta comisión, que en ningún caso obstruirán o libre exercicio da xurisdicción competente laboral, á que lle corresponderá